



ANEXO III Referencia convocatoria: 2025/CP/095

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta de Galicia - Universidade da Coruña			
Título: Talento investigador. Convenio de colaboración entra a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2024-2028			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 12/03/2024	FIN: 12/03/2028
CENTRO Inv. Principal: Unos dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol			
OBJECTO DO CONTRATO: Contratación de 1 investigador/a asociado/a con tarefas propias da categoría e en liña do cumprimento dos indicadores de investigación nos que se basea o Convenio.			
LUGAR E HORARIO: Un dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol. Horario: 35 h/semana en horario de luns a venres de 8:00 h a 15:00 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO Ao CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☒		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutorado SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	Data aprox. Inicio contrato: 15/07/2025
TIPO DE CONTRATO:		Indefinido ☒	Duración determinada ☐
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 3.015,83**			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 09.02.24.08.65-541A-640.0006			

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

** O pago da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade pártela proporcional da paga extraordinaria correspondente)

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículo Vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. Non se considerarán méritos que non se acrediten documentalmente

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**REQUISITOS****TITULACIÓN:** Doutor/a.**REQUISITOS:** Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de terse cumpridos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN****LUGAR:** Sede electrónica da UDC.Dirixidas ao Vicerreitorado de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.**PRAZO:** 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.**ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN****COMISIÓN DE SELECCIÓN** (mínimo tres titulares e dous suplentes):**TITULARES:** Ana Isabel Pernas (TU) Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (presidenta), Marcos Míguez González (TU), Director do Campus Industrial de Ferrol (secretario) e Armando José Yáñez Casal (CU), Director Científico do CITENI (vogal)**SUPLENTES:** Jerónimo Puertas Agudo (CU), Vicerreitor de Investigación e Transferencia, María Amalia Jácome Pumar (TU), Adxunta á Investigación, Francisco Javier González Varela (TU), Director Técnico do CITENI.**LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN:** Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e arte. 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do ficheiro de gastos indicado neste documento. A base para lexitimar o tratamento atópase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obrigação legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumpriran co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos serán tratados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade antes indicada, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento, pode consultar www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

Documento asinado dixitalmente**A INVESTIGADORA PRINCIPAL****Ana Isabel Ares Pernas****Documentación que debe presentar a persoa solicitante:**

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículo Vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. Non se considerarán méritos que non se acrediten documentalmente

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	2/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

1. OBXECTO

Esta convocatoria "Talento investigador" ten como obxecto a contratación de 1 persoa investigadora posdoutoral e está dirixida á incorporación no CIF de científicos/as doutores/as de calquera nacionalidade que queiran desenvolver a súa actividade investigadora no CIF, con proxección e ampla traxectoria internacional baixo o único criterio da excelencia. O obxectivo é apoiar proxectos de ciencia excelente naquelas áreas de especial interese para o CIF pola súa proxección científica, polo seu carácter emerxente ou pola súa consideración estratéxica: robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento de produto.

O contrato terá unha duración de 3 anos con posibilidade de prórroga de 1 ano, sempre e cando o Convenio o que se fai referencia no Anexo III desta convocatoria, ou as posibles extensións ou continuacións do mesmo, se atopen en vigor.

O contrato formalizarase como contrato de actividades Científico-Técnicas segundo o artigo 23bis da Lei 14/2011 de 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Adicionalmente e, en consonancia co convenio e os seus indicadores, terá asociadas as seguintes funcións:

1. Incorporarse a alguna das liñas estratéxicas de investigación do CIF.
2. Establecer relacións de colaboración con investigadores/as do CIF.
3. Realizar actuacións que permitan atraer persoal investigador en formación.
4. Establecer relación de colaboración nacional e internacional con grupos de investigación e con investigadores/as individuais.
5. Concurrir a convocatorias nacionais e internacionais que permitan o financiamento da investigación.
6. Difundir resultados de investigación en entornos nacionais e internacionais que se adecúen aos indicadores do CIF.
7. Potenciar a elaboración de produtos de investigación (patentes, registros de software) con transferencia a la industria de acuerdo a la filosofía del CIF.
8. Divulgar os resultados de investigación a través da súa publicación en revistas de alto impacto.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Financiamento para establecer unha liña de investigación propia:

O persoal investigador contratado recibirá unha axuda complementaria para o establecemento da súa propia liña de investigación, por un importe total de 30.000 euros con cargo á partida orzamentaria 09.02.24.08.65-541A-640.0006. A imputación e aprobación dos expedientes de gasto realizaranse na partida económica correspondente en función da natureza destes. A autorización e aprobación dos expedientes de gasto corresponderá á Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Esta financiación adicional destinarase a cubrir os gastos debidamente xustificadas para:

- a. A adquisición, aluguer, traslado e mantemento ou reparación de equipamento científico-técnico, incluíndo equipos informáticos e programas técnicos informáticos, material bibliográfico, material funxible, subministracións e produtos similares.
- b. A adaptación de infraestruturas científico-técnicas.
- c. Gastos de viaxes e dietas, gastos de inscrición e de organización de congresos, seminarios e conferencias de carácter científico.

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- d. Custos de utilización e acceso a infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) incluídas no mapa aprobado polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e grandes instalacións científicas nacionais e internacionais.
- e. Custos de solicitude e outros gastos de mantemento de dereitos de propiedade industrial e intelectual derivados da actuación, costes de patentes e coñecementos técnicos adquiridos e obtidos pola licencia de fontes externas a prezos de mercado.
- f. Servicios de asesoramento e apoio técnico á investigación, innovación e transferencia de resultados.
- g. Gastos de publicación e difusión de resultados incluídos aqueles que teñan podido derivarse da publicación en revistas de acceso aberto.
- h. Outros gastos directamente relacionados coa execución da actividade tales como utilización de servicios centrais e xerais de investigación da entidade.

Todos os gastos gardarán relación directa coa liña de investigación para cuxo desenvolvemento se asigna a axuda. Esta axuda complementaria deberá ser utilizada antes do 31 de outubro de 2026.

Estadías

Durante a duración do contrato, a persoa investigadora poderá permanecer fóra do CIF por un período máximo de 3 meses cada ano, previa solicitude motivada á dirección do CIF e ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. En casos excepcionais, poderanse autorizar estadías por períodos superiores, sempre previa petición motivada da persoa investigadora e por razóns de especial interese para o desenvolvemento da investigación proposta.

Durante o período da estadía, o Campus Industrial de Ferrol subscibirá para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total da estadía efectiva.

3. REQUERIMENTOS

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos no momento de solicitude da axuda:

- a) Estar en posesión do título de doutor/a.
- b) Ter realizado estadías pre ou posdoutorais durante polo menos 24 meses en centros de I+D de países distintos de aquel no que desenvolveu ou obtivo o título de doutor/a. O período de mobilidade de 24 meses contabilizarase ata a data de publicación desta convocatoria, podendo ser realizado como suma de diferentes períodos, sempre que estes sexan dun mínimo dun mes. O requisito de mobilidade considerarase cumprido para aquelas persoas investigadoras que teñan desenvolvido integramente e obtido o título de doutor/a nunha universidade estranxeira dun país diferente a aquel no que obtiveron o título universitario que deu acceso aos estudos de doutoramento.
- c) Non ter sido persoa beneficiaria con anterioridade de algunha das convocatorias publicadas no marco do programa "Talento investigador" do Campus Industrial de Ferrol.

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. SOLICITUDES

Ademais da documentación requirida segundo o artigo 10.3 do *Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento*, aprobada en Consello de Goberno do 5 de xuño do 2024, ás solicitudes deberá engadirse a seguinte documentación:

1. **Copia do DNI / pasaporte:** por ambas caras, en vigor, lexible.
2. **Currículum Vitae**
3. **Memoria técnica** cos seguintes apartados:
 - a. Datos xerais da persoa solicitante.
 - b. Ligazón a algunha das bases de datos ou rexistros científicos nos que ten a súa produción científica actualizada (ORCID, Research Gate, Scopus, Web of Science, Google Scholar).
 - c. Declaración de todas as solicitudes individuais concedidas en convocatorias de excelencia científica, desde a obtención do título de doutor ata a data actual. Tamén se poderán facer constar aquelas outras convocatorias individuais ás que a persoa solicitante presentou candidatura aínda que non obtivese financiamento (por exemplo axudas ERC, Ramón y Cajal,...) indicando o resultado da avaliación (por exemplo: reserva, puntuación obtida, renuncia...) se considera que isto pode ser significativo para a avaliación da súa solicitude a este programa.
 - d. Listado de méritos, seguindo a orde establecida no apartado 5. Criterios de avaliación:
 - i. Excelencia da traxectoria científica.
 - ii. Internacionalización.
 - iii. Capacidade de liderar a liña de investigación.
 - e. Descrición da traxectoria investigadora da persoa solicitante, especificando os maiores logros científicos acadados ata a data, cunha extensión máxima de 2 páxinas en letra Times New Roman 12, interliñado 1,5 e marxe superior e inferior de 2,5 cm e 3 cm dereita e esquerda.
 - f. Proposta de traballo de investigación: cunha extensión máxima de 5 páxinas en letra Times New Roman 12, interliñado 1,5 e marxe superior e inferior 2,5 cm e dereita e esquerda 3 cm. Neste apartado exporase a investigación que pretende levar a cabo a persoa solicitante durante o período de contratación, a motivación, a excelencia e o impacto, a viabilidade do seu desenvolvemento, implantación e coherencia, e a importancia da proposta na carreira investigadora da persoa candidata, plan de difusión da investigación realizada, o grao de transferibilidade da investigación e o seu potencial impacto nos indicadores do Campus Industrial de Ferrol. Xustificarase tamén como a proposta se integra e potencia algunha das liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol e os posibles grupos de investigación do mesmo, onde a persoa candidata se podería integrar para desenvolver o devandito proxecto.

No caso de que o proxecto presentado non se encadre dentro das liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol, a solicitude do candidato quedará excluída do proceso selectivo.

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. **Compromiso** asinado pola persoa candidata para presentarse a través do CIF ás convocatorias de ciencia excelente autonómicas, nacionais e internacionais, así como ás promovidas polo ERC, o Ministerio de Ciencia e Innovación no seu programa estatal de desenvolvemento, captación e retención de talento de I+D+i ou a Xunta de Galicia no seu programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral ou similar.
5. **Carta de apoio** do coordinador do grupo de investigación onde a persoa solicitante propón integrarse, incluíndo o compromiso de integración no devandito grupo en caso de concesión da axuda. A presentación deste documento non é requisito excluínte, aínda que o apoio dun grupo de investigación se valorará segundo os criterios do apartado 5.
6. **Copia do título de doutor/a** ou da certificación académica. Se o título non estivera en castelán ou inglés, a persoa solicitante deberá achegar unha tradución xurada ao castelán.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As solicitudes serán avaliadas segundo os seguintes criterios:

A. Excelencia da traxectoria científica (máximo 55 puntos).

Valorarase a pertinencia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas do JCR, libros e capítulos de libros científicos e técnicos, traballos presentados en congresos, patentes concedidas ou licenciadas e, en xeral, calquera outra contribución que permita a valorar os diferentes aspectos da investigación, incluída a transferencia de tecnoloxía.

As propostas cunha puntuación inferior a 8 neste apartado non continuarán co proceso de avaliación.

- i. Artigos publicados en revistas JCR: 0,5 puntos por artigo (máximo 10 puntos)
- ii. Libros e capítulos de libros: 0,5 puntos por publicación (máximo 5 puntos).
- iii. Traballos presentados en congresos nacionais: 0,5 puntos por relatorio invitado e 0,1 puntos por asistencia a congreso (máximo 5 puntos).
- iv. Codirección de teses: 0,5 puntos por tese defendida (máximo 5 puntos).
- v. Teses industriais dirixidas: 0,5 puntos por tese defendida (máximo 5 puntos).
- vi. Patentes: 0,5 puntos por patente (máximo 5 puntos).
- vii. Proxectos e contratos de I+D+i nacionais non competitivos: 0,5 puntos por proxecto/contrato (máximo 5 puntos).
- viii. Proxectos I+D+i nacionais concedidos en convocatorias nacionais competitivas: 0,5 puntos por proxecto concedido (máximo 10 puntos)
- ix. Spin-offs: 1 punto cada unha (máximo 5 puntos).

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**B. Internacionalización (máximo 25 puntos).**

Valorarase a implicación directa en programas, proxectos ou contratos internacionais, o financiamento obtido en convocatorias internacionais competitivas e a mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos a aquel de realización da tese doutoral).

As propostas cunha puntuación inferior a 2 neste apartado non continuarán co proceso selectivo.

- i. Proxectos e contratos de I+D+i internacionais non competitivos: 0,5 puntos por proxecto/contrato (máximo 5 puntos).
- ii. Proxectos I+D+i internacionais concedidos en convocatorias internacionais competitivas: 0,5 puntos por proxecto concedido (máximo 10 puntos).
- iii. Traballos presentados en congresos internacionais: 0,5 puntos por congreso (máximo 5 puntos).
- iv. Experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao da realización da tese doutoral: 0,25 puntos/mes estadía (máximo 5 puntos).

C. Capacidade de liderar a súa liña de investigación (máximo 20 puntos).

Valorarase a capacidade de liderar investigacións e xerar novos coñecementos, a partir da experiencia científica e profesional, así como a independencia da súa traxectoria. Valorarase a través de aspectos como a dirección do traballo investigador (dirección de investigadores en formación, investigador principal en publicacións científicas, teses de doutoramento, etc.), a relevancia e o recoñecemento da súa liña de investigación (invitación a congresos internacionais, conferenciante plenario, premios, mencións e distincións), capacidade de captación de recursos (financiamento como investigador principal de proxectos, contratos, etc.) e participación en redes de coñecemento.

A propostas con puntuación inferior a 3 neste apartado non continuarán no proceso de selección.

- i. Investigador/a principal en publicacións científicas: 0,25 puntos por publicación (máximo 3 puntos).
- ii. Dirección de investigadores/as en formación: 1 punto por tese doutoral dirixida de forma individual e defendida (máximo 5 puntos).
- iii. Relator invitado/a en congresos internacionais: 0,5 puntos por congreso (máximo 2 puntos).
- iv. Conferenciante plenario/a en congresos: 0,5 puntos por congreso (máximo 3 puntos).
- v. Premios, mencións e distincións: 1 punto por premio (máximo 5 puntos).
- vi. Participación activa e evidenciada en redes de coñecemento: 0,5 puntos por rede (máximo 2 puntos).

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**D. Proposta de proxecto de investigación (máximo 20 puntos).**

Valorarase a excelencia e o impacto do proxecto de investigación, a coherencia e a viabilidade do seu desenvolvemento e implementación, o plan de diseminación da investigación realizada, o grao de transferibilidade da investigación e o seu potencial impacto nos indicadores do Campus Industrial de Ferrol. Será considerado requisito indispensable que a proposta contribúa ás áreas de investigación de especial interese para o CIF segundo o apartado 1 desta convocatoria. A valoración realizarase de acordo con o seguinte baremo:

- i. Excelencia e impacto do proxecto de investigación proposto: 5 puntos.
- ii. Coherencia e viabilidade do seu desenvolvemento e implementación: 5 puntos.
- iii. Plan de diseminación da investigación realizada e grao de transferibilidade da investigación: 5 puntos.

E. Apoio e compromiso de integración por parte dun grupo de investigación do Campus Industrial de Ferrol (5 puntos).

Valorarase o apoio dun grupo de investigación do Campus Industrial de Ferrol á proposta da persoa candidata e o compromiso de incorporación da mesma ó grupo en caso de concesión da axuda, a través do documento descrito no apartado 4.5 desta memoria.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A selección realizarase en dúas fases:

- **Primeira fase:** avaliaranse os **méritos** da persoa candidata, a proposta de proxecto e a súa adaptación ás liñas estratéxicas do CIF segundo os criterios especificados no apartado 5 desta convocatoria. Se o proxecto non se adaptase ás liñas estratéxicas do CIF, o candidato quedará excluído do proceso selectivo.
- **Segunda fase:** as persoas candidatas serán convocadas a unha **entrevista persoal** na que se valorará a idoneidade da persoa candidata, a súa motivación e a importancia da proposta na súa carreira investigadora. Esta entrevista, que pode ser presencial ou online, realizarase na forma, lugar, día e hora establecida pola Comisión avaliadora e suporá unha puntuación máxima de 40 puntos.

Establécese unha puntuación mínima de 50 puntos no proceso de selección (incluíndo a valoración de méritos e entrevista) para integrar a listaxe de agarda.

De ser necesario, poderase solicitar asesoramento externo por parte dos 3 expertos científicos do Comité Asesor Científico do CIF segundo o regulamento publicado o 22/11/2021 https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277 (D. Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós, D. Carlos Alberto Méndez, D. Senentxu Lanceros Méndez).

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





7. DEBERES E DEREITOS DA PERSOA BENEFICIARIA

1. **Contratación:** deberá aportar en prazo e forma a documentación necesaria para a formalización do contrato.
2. **Adscrición:** deberá adscribirse ao CIF e cumprir con todos os deberes respecto á filiación e visibilización do Campus Industrial segundo as indicacións do Manual de identidade corporativa do CIF (https://campusindustrial.udc.es/wp-content/uploads/2024/07/20230612_Manual-imagen-corporativa-CIF.pdf).
3. **Establecemento da liña de investigación propia / estancias, etc.:** no prazo máximo de 1 mes desde o inicio do contrato, deberá iniciar as xestións administrativas necesarias para a execución da financiación indicada no apartado 2 da presente convocatoria. Todos os procesos de adquisición e execución do orzamento destinado ao establecemento da liña de investigación propia se encontrarán finalizados e liquidados a 31 de outubro de 2026.
4. **Informes anuais:** deberá remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico anual detallando todas as actividades desenvolvidas durante o ano. O contido do informe permitirá valorar o cumprimento do proxecto con respecto aos resultados esperados inicialmente, así como as iniciativas da persoa beneficiaria de preparación e presentación de candidaturas a convocatorias de ciencia excelente.
5. **Informe final:** deberá remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico antes da finalización do seu contrato detallando todas as actividades desenvolvidas e os resultados acadados durante todo o tempo de duración do contrato.
6. **Convocatorias de ciencia excelente:** durante o período de contrato deberá concorrer ás convocatorias de ciencia excelente autonómicas, nacionais e internacionais, así como as promovidas polo ERC, o Ministerio de Ciencia e Innovación no seu programa estatal para desenvolver, atraer e reter talento de I+D+i ou a Xunta de Galicia no seu programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral o similares. Os beneficiarios deste programa deberán xustificar documentalmente ante o CIF a presentación de solicitude a estes programas, así coma o resultado obtido do proceso de selección.

A adxudicación deste contrato non establece ningún compromiso en materia de incorporación posterior ao persoal do Campus Industrial de Ferrol ou da Universidade da Coruña.

8. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase, polas causas recollidas no artigo 18 do *Regulamento de Contratación de persoal laboral no capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación*, e polas seguintes:

- Incumprir algunha das obrigas do punto 7 desta memoria.
- Abandonar o desenvolvemento do proxecto investigador descrito no punto 4.3.f desta memoria.
- Ocultar datos, incorrer en falsidade ou manipulación da documentación ou da información solicitada respecto ao declarado pola persoa beneficiaria para a valoración da súa candidatura.

Código Seguro De Verificación	nn90Z4z7QmveV47dzu201w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:18
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nn90Z4z7QmveV47dzu201w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

